



## **SUBGRUPO C1-TEMA 4-LEI 40/2015-GALEGO**

### **TEMA 4- LEI 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público**

1. Conforme ao disposto no artigo 25 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a potestade sancionadora das administracións públicas exercerase:
  - a) Cando sexa expresamente recoñecida por unha norma con rango de lei.
  - b) Cando sexa expresamente recoñecida por un regulamento.
  - c) Cando sexa expresamente recoñecida nunha instrución.
  
2. Conforme ao disposto no artigo 25 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o exercicio da potestade sancionadora correspóndelles aos órganos administrativos:
  - a) Que a teñan tacitamente atribuída.
  - b) Que non exercen a potestade sancionadora.
  - c) Que a teñan expresamente atribuída, por disposición de rango legal ou regulamentario.
  
3. Conforme ao disposto no artigo 26 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as disposicións sancionadoras producirán efecto retroactivo:
  - a) En canto favorezan o presunto infractor ou o infractor.
  - b) En canto prexudiquen o presunto infractor ou o infractor.
  - c) As disposicións sancionadoras en ningún caso producirán efecto retroactivo.
  
4. Conforme ao disposto no artigo 27 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o principio de tipicidade da potestade sancionadora establece que:
  - a) Constitúen infraccións administrativas as vulneracións do ordenamento xurídico previstas como tales infraccións por un regulamento.
  - b) Só constitúen infraccións administrativas as vulneracións do ordenamento xurídico previstas como tales infraccións por unha lei.
  - c) O principio de tipicidade non se aplica á potestade sancionadora.
  
5. Conforme ao disposto no artigo 27 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as normas definidoras de infraccións e sancións non serán susceptibles de aplicación:
  - a) Sistemática.
  - b) Gramatical.
  - c) Analóxica.
  
6. Conforme ao disposto no artigo 28 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, poderán ser sancionadas por feitos constitutivos de infracción administrativa:
  - a) Unicamente as persoas físicas.
  - b) Unicamente as persoas xurídicas.
  - c) As persoas físicas e xurídicas.
  
7. Conforme ao disposto no artigo 28 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, os grupos de afectados, as unións e entidades sen personalidade xurídica e os patrimonios independentes ou autónomos poderán ser sancionadas por feitos constitutivos de infracción administrativa:
  - a) Cando unha lei lles recoñeza capacidade de obrar.
  - b) En ningún caso poderán ser sancionados.
  - c) Cando unha norma de rango regulamentario lles recoñeza capacidade xurídica.



## **SUBGRUPO C1-TEMA 4-LEI 40/2015-GALEGO**

8. Conforme ao disposto no artigo 28 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, cando o cumprimento dunha obrigaón establecida por unha norma con rango de lei corresponda a varias persoas conxuntamente estas responderán das infraccións que, se é o caso, se cometan e das sancións que se impoñan:

- a) De forma mancomunada.
- b) En ningún caso poderán responder ás infraccións que cometan.
- c) De forma solidaria.

9. Conforme ao disposto no artigo 29 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as sancións administrativas poderán implicar privación de liberdade:

- a) Cando así se estableza nunha norma con rango de lei.
- b) Cando así se estableza no regulamento disciplinario dos empregados públicos.
- c) En ningún caso.

10. De conformidade co previsto no artigo 29 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, na determinación normativa do réxime sancionador, así como na imposición de sancións polas administracións públicas, deberase observar a debida idoneidade e necesidade da sanción que se vaia impoñer e a súa adecuación á gravidade do feito constitutivo da infracción. A gradación da sanción considerará especialmente os seguintes criterios (sinale a resposta incorrecta):

- a) O grao de culpabilidade ou a existencia de intencionalidade.
- b) A reiteración por cometer diferentes accións infractoras en distintos ámbitos.
- c) A reincidencia, por comisión no termo dun ano, de máis dunha infracción da mesma natureza, cando así fose declarado por resolución firme en vía administrativa.

11. Conforme ao disposto no artigo 30 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o prazo de prescrición das infraccións comezará a contarse:

- a) Desde o día en que a infracción se cometese.
- b) Desde o día seguinte a aquel en que sexa executable a resolución pola que se impón a sanción.
- c) Desde o día seguinte a aquel en que transcorra o prazo para recorrer a sanción.

12. Conforme ao disposto no artigo 30 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as sancións impostas por faltas graves prescribirán no prazo de:

- a) Un mes.
- b) Dous anos.
- c) Seis anos.

13. Conforme ao disposto no artigo 30 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, interromperá a prescrición das infraccións a iniciación, con coñecemento do interesado, dun procedemento administrativo de natureza:

- a) Especial.
- b) Común.
- c) Sancionadora.

## SUBGRUPO C1-TEMA 4-LEI 40/2015-GALEGO

14. Conforme ao disposto no artigo 30 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o prazo de prescrición das sancións comezará a contarse:

- a) Desde o día en que a infracción se cometese.
- b) Desde o día seguinte a aquel en que sexa executable a resolución pola que se impón a sanción ou transcorra o prazo para recorrela.
- c) As sancións son imprescritibles.

15. Conforme ao disposto no artigo 30 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as infraccións moi graves prescribirán aos:

- a) Tres anos.
- b) Un ano.
- c) As infraccións moi graves son imprescritibles.

16. Segundo o artigo 31 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, non poderán sancionarse os feitos que o foran penal ou administrativamente, nos casos en que se aprecie:

- a) Identidade do suxeito, feito e sanción.
- b) Identidade do suxeito, feito e fundamento.
- c) Identidade do suxeito, sanción e fundamento.

17. Conforme ao disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o dereito dos particulares a ser indemnizados polas administracións públicas correspondentes de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, encádrase dentro do principio de:

- a) Proporcionalidade.
- b) Responsabilidade.
- c) Tipicidade.

18. Conforme ao disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a anulación en vía administrativa ou pola orde xurisdiccional contencioso administrativo dos actos ou disposicións administrativas:

- a) Presupón, en todo caso, dereito á indemnización.
- b) Non presupón, por si mesma, dereito á indemnización.
- c) Presupón dereito á indemnización unicamente cando os danos deriven da aplicación dunha norma contraria ao dereito da Unión Europea.

19. Conforme ao disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a sentenza que declare a inconstitucionalidade da norma con rango de lei ou declare o carácter de norma contraria ao dereito da Unión Europea producirá efectos desde a data da súa publicación:

- a) No *Boletín Oficial do Estado* en todo caso.
- b) No *Diario Oficial da Unión Europea* en todo caso.
- c) No *Boletín Oficial do Estado* ou no *Diario Oficial da Unión Europea*, segundo o caso.

## **SUBGRUPO C1-TEMA 4-LEI 40/2015-GALEGO**

20. Conforme ao disposto no artigo 33 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, cando da xestión dimanante de fórmulas conxuntas de actuación entre varias administracións públicas se derive responsabilidade, estas responderán fronte ao particular, en todo caso, de forma:

- a) Subsidiaria.
- b) Mancomunada.
- c) Solidaria.

21. Conforme ao disposto no artigo 33 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, en determinados supostos de actuación conxunta de varias administracións, a distribución da responsabilidade entre as diferentes administracións públicas poderase determinar:

- a) No instrumento xurídico regulador da actuación.
- b) Nunha lei do Parlamento.
- c) A responsabilidade será mancomunada en todo caso.

22. Conforme ao disposto no artigo 34 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideron prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles:

- a) Serán indemnizables en todo caso.
- b) Serán indemnizables se así se establece na resolución que se dite en cada procedemento.
- c) Non serán indemnizables.

23. Nos supostos de responsabilidade patrimonial, segundo dispón o artigo 34 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a indemnización procedente, cando resulte máis adecuado para lograr a reparación debida e conveña ao interese público, sempre que exista acordo co interesado:

- a) Poderase substituír por unha compensación en especie, pero non poderá ser aboada mediante pagos periódicos.
- b) Poderá ser aboada mediante pagos periódicos, pero non se poderá substituír por unha compensación en especie.
- c) Poderase substituír por unha compensación en especie ou ser aboada mediante pagos periódicos.

24. Segundo o artigo 36 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, no procedemento para a esixencia da responsabilidade ás autoridades e ao persoal ao servizo das administracións públicas constará, polo menos, un prazo de alegacións por:

- a) Dez días.
- b) Quince días.
- c) Vinte días.